



CONTRATACIÓN

PROCEDEMENTO ABERTO MULTICRITERIO, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA CONCESIÓN DE OBRA

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

***CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DE CAFETERÍA SITUADO NO ÁMBITO PS-5 DO PLAN
SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO DO MAR EN TERREOS DA ETEA.***

VIGO. PONTEVEDRA.

CONC250101

NOVEMBRO DE 2025

ÍNDICE

1. DISPOSICIÓN XERAIS	4
1.1. OBXECTO DESTE PREGO	4
1.2. DESCRICIÓN E LOCALIZACIÓN DA ACTUACIÓN	4
1.3. ALCANCE DO CONTRATO	5
1.4. ORZAMENTOS DO CONTRATO	6
1.4.1. Orzamentos das obras	6
1.4.2. Orzamentos do contrato	6
1.5. RESPONSABLE DO CONTRATO NA FASE DE EXECUCIÓN	6
1.6. RESPONSABLE DO CONTRATO NA FASE DE EXPLOTACIÓN	7
1.7. DELEGADO DO CONCESIONARIO	7
2. FASE DE EXECUCIÓN	7
2.1. CONDICIÓN XERAIS DE CÁLCULO E DISEÑO DO NOVO ESTABLECEMENTO HOSTALEIRO	7
2.1.1. Uso do novo establecemento hostaleiro	7
2.1.2. Alcance das obras do novo establecemento hostaleiro	9
2.1.3. Capacidade	9
2.1.4. Dimensións mínimas	9
2.1.5. Instalacións	10
2.1.1. Tratamento de superficie	11
2.1.2. Servizos afectados	11
2.2. PROXECTO BÁSICO, DE ACTIVIDADE E DE EXECUCIÓN	11
2.2.1. Proxecto Básico	11
2.2.2. Proxecto de Actividade	12
2.2.3. Proxecto de Execución	12
2.3. SUPERVISIÓN E APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN	14
2.3.1. Supervisión e corrección de erros	14
2.3.2. Presentación da documentación	14
2.3.3. Aprobación do proxecto	15
2.4. EXECUCIÓN DAS OBRAS	15
2.4.1. O construtor	15
2.4.2. Responsabilidades do concesionario durante a execución da obra	15
2.4.3. Dirección Facultativa	15
2.4.4. Sinalización e seguridade durante as obras	18
2.4.5. Diminución de molestias	18
2.4.6. Permisos, licenzas e autorizacións	18
2.4.7. Control de calidade	18
2.4.8. Probas de funcionamento	19
2.4.9. Remate das obras	19
2.4.10. Documentación final de obra	19
3. FASE DE EXPLOTACIÓN	21
3.1. MANTEMENTO DO NOVO LOCAL DE HOSTALERÍA	21
3.2. EXPLOTACIÓN DO NOVO LOCAL DE HOSTALERÍA	22
3.2.1. Alcance	22

3.2.2. Regulamento de Explotación.....	22
3.2.3. Servizo de restauración	22
3.2.4. Materias primas.....	22
3.2.5. Material que debe achegar o adxudicatario.....	23
3.2.6. Limpeza e desinfección.....	23
3.2.7. Persoal do servizo	23
3.2.8. Retribución de tarifas	24
3.2.9. Iluminación	24
3.2.10. Inspección técnica e de servizo	25
4. OUTRAS DISPOSICIÓNS	25
4.1. PRAZO DA CONCESIÓN.....	25
4.1.1. Prazo da Fase de Execución.....	25
4.1.2. Prazo para a entrega do Proxecto Básico	25
4.1.3. Prazo para a entrega do Proxecto de Actividade.	26
4.1.4. Prazo de redacción do Proxecto de Execución	26
4.1.5. Prazo de execución das obras.....	26
4.1.6. Prazos de tramitación administrativa do órgano de contratación	26
4.1.7. Prazo da Fase de Explotación.	26
4.2. MODIFICACIÓN DO PRAZO DA CONCESIÓN	26
4.3. GARANTÍA DAS OBRAS.....	27
4.4. EXCLUSIÓN DE RESPONSABILIDADES CON RELACIÓN Á DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA AOS CONCURSANTES, E Á QUE SE ENTREGARÁ AO ADXUDICATARIO	27
4.5. ACTUALIZACIÓN TECNOLÓXICA DAS INSTALACIÓNS	27
4.6. OBRAS E ACTUACIÓNS DE MELLORA DURANTE A CONCESIÓN.....	28
4.7. SERVIZOS ADICIONAIS.....	28
4.8. DEREITOS E DEBERES DO CONCESIONARIO	28
4.9. GASTOS A ASUMIR POLO CONCESIONARIO	29
4.10. OBRIGACIÓNS DO CONCESIONARIO	29
4.10.1. Prestación do servizo de restauración.....	29
4.10.2. Vixilancia e seguridade	29
4.10.3. Mantemento das instalacións	30
4.10.4. Reclamacións	30
4.10.5. Persoal	30
4.10.6. Seguridade e saúde laboral	30
4.10.7. Publicidade	31
ANEXO I - DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES	32

1. DISPOSICIÓN XERAIS

1.1. OBXECTO DESTA PREGO

O presente prego de prescricións técnicas ten por obxecto a definición das condicións que han de rexer o contrato de construción e explotación do ben de dominio público definido como “Establecemento de cafetería situado no ámbito PS-5 do Plan Sectorial de Ordenación do Campus Científico Tecnolóxico do Mar en terreos da ETEA”, como complemento do Estudo de Viabilidade e do Anteproxecto que, para esta actuación, foron aprobados previamente.

1.2. DESCRICIÓN E LOCALIZACIÓN DA ACTUACIÓN

A actuación comprende a implantación dun establecemento hostaleiro para uso de cafetería, así como a súa explotación, situado en terreos da ETEA dentro do ámbito do Proxecto Sectorial da área de usos recreativos PS-5 do Campus Científico Tecnolóxico do Mar, en diante PS-5, adscritos ao Concello de Vigo.

O novo establecemento hostaleiro implantarase nun edificio existente, destinado anteriormente a Panadería-Despensa. Trátase dun volume de planta rectangular en planta baixa conformado por muros de cachotería e cuberta a catro augas con cobertura de tella plana. Posúe gran cantidade de ocos de forma cuadrangular, actualmente tapiados, e de dimensións considerables. Ten un único acceso por unha das fachadas máis curtas. O estado de conservación da súa fachada é óptimo, presentando grafitis sobre todo na fachada principal que verte cara ao mar. Non ocorre o mesmo coa súa cuberta cuxo estado é malo, agravado pola falta de mantemento atopándose actualmente colonizada por vexetación. Presenta fisuras que xeran filtracións que se fan patentes no interior do inmovble debido á presenza de pingueiras.

En canto ao interior do edificio, observamos que os falsos teitos presentan graves problemas de humidades froito do descrito con anterioridade, estando desmantelado tanto o seu mobiliario como as súas instalacións.

Atendendo ao establecido no PS-5, No apartado, 1.3.1-SITUACIÓN ACTUAL: INTERESE, OPORTUNIDADE E NECESIDADE DO INVESTIMENTO, faise mención ao seguinte:

“Como detalle interesante o edificio dos baños atópase enmarcado por dous salgueiros llorones de gran porte os cales convén conservar e protexer, xa que manteñen unha estética moi adecuada na contorna.

O mesmo farase coa antiga panadería, a cal debido á súa localización, forma e características faise perfecta para a futura utilización como local destinado á hostalería, algo que coas instalacións que se pretenden aquí situar será de gran utilidade por parte dos cidadáns que acudan á zona de espaxamento, como das persoas que acudan ao campus. Co que o propio restaurante pode ser un atractivo a maiores da zona.”

Tendo en conta todo o ata aquí mencionado a actuación obxecto deste prego e dos seus documentos anexos, será a de rehabilitación do edificio da antiga panadería e despensa para o seu novo uso como establecemento de hostalería, para o que será preciso reacondicionar tanto o seu espazo interior como o seu aspecto exterior

Para iso a proposta que se expón, é a de deseñar un espazo que poida ser utilizado durante todo o ano polos usuarios deste espazo con vistas privilexiadas á Enseada de Teis, buscando xerar dentro dun mesmo volume diferentes zonas que permitan ser utilizadas independentemente da época do ano, das inclemencias meteorolóxicas ou simplemente da preferencia do propio usuario.

Por tanto, o programa funcional resultante recolle 217,47 m² de goce interior e 92,50 m² de espazos de goce exterior.

Con esta formulación preténdese alcanzar os seguintes obxectivos:

- Creación dun espazo polivalente
- Creación dun espazo con tons neutros, pensando na súa durabilidade, funcionalidade e idoneidade coa actividade que se vai a implantar.
- Mellora da eficiencia enerxética do inmovible

1.3. ALCANCE DO CONTRATO

O contrato comprende dúas fases, execución e explotación, cuxo desenvolvemento e responsabilidade encomenda a Consellería de Facenda e Administración Pública á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., en diante SPI Galicia.

Os traballos por conta do adxudicatario no presente contrato de concesión , expóñense de modo non limitativo a continuación, para cada unha das fases:

- Fase de Execución.
 - A realización da toma de todos os datos previos, estudo de afeccións, xestión e abono dos posibles retranqueos así como a completa reposición de todos os servizos afectados polas obras, e o levantamento de planos que sexan precisos para a redacción do proxecto obxecto deste Prego.
 - A redacción do Proxecto Básico e de Execución, por técnico competente, para a rehabilitación dun edificio existente para destinalo a establecemento de hostalería, consonte os contidos establecidos no Código Técnico da Edificación (RD 314/2006), incluíndo o correspondente Estudo de Seguridade e Saúde e a coordinación de seguridade e saúde, de ser o caso, e todo iso en base ao Anteprojecto aprobado con data 24/11/2025.
 - A redacción e tramitación de calquera outro documento de carácter urbanístico ou técnico, memoria ou solicitude que haxa de realizarse para a tramitación do expediente nos organismos competentes, incluída, no seu caso, a necesaria para a obtención da correspondente licenza municipal de obras, licenza de actividade, así como a tramitación e legalización de acometidas e subministracións tanto para a execución das obras como para a explotación do novo local de hostalería.
 - A Dirección de Facultativa dos traballos, entendendo por Dirección Facultativa a Dirección de Obra, a Dirección de Execución de Obra e a Coordinación de Seguridade e Saúde, entre outros.
 - A tramitación de permisos abonando as taxas e dereitos esixibles e constituíndo as garantías e avais que sexan requiridos.
- Fase de Explotación
 - A elaboración do Regulamento de explotación
 - A tramitación de permisos abonando as taxas, impostos, gravames e dereitos esixibles e constituíndo as garantías e avais que sexan requiridos.
 - A xestión e abono de acometidas e subministracións para a explotación do novo establecemento hostaleiro.
 - A elaboración anual do Plan e do Informe de Conservación do novo establecemento hostaleiro
 - A explotación, mantemento, limpeza e conservación do novo establecemento hostaleiro durante a vixencia do contrato concesional

1.4. ORZAMENTOS DO CONTRATO

1.4.1. ORZAMENTOS DAS OBRAS

Segundo recóllese no Estudo de Viabilidade e no Anteproxecto aprobado, o Orzamento de Execución Material (O.E.M.) das Obras ascende a douscentos **oitenta e un mil oitocentos oitenta e oito euros con setenta e cinco céntimos (281.888,75 €)**.

Incrementando o O.E.M. no 13% de Gastos Xerais, o 6% de Beneficio Industrial e o 21% de Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) resulta un Orzamento total das obras de catrocentos **cinco mil oitocentos noventa e un euros con sesenta e un céntimos (405.891,61 €)**.

1.4.2. ORZAMENTOS DO CONTRATO

Segundo o artigo 100 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, o orzamento basee de licitación é o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o imposto sobre o Valor Engadido, salvo disposición en contrario.

No presente contrato, o órgano de contratación non alcanzará ningunha cantidade. Por tanto, o importe comprometido polo órgano de contratación e, por tanto, o **Orzamento Base de Licitación (O.B.L.)** ascende á cantidade de CERO **EUROS (0,00 €)**.

Segundo o artigo 101 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, o valor estimado do contrato calcúlase como o importe neto da cifra de negocios, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, incluídos os pagos e subvencións públicas.

Para calcular o importe neto da cifra de negocios consideráronse os ingresos (IVE non incluído) procedentes da actividade hostaleira determinados no plan económico financeiro do estudo de viabilidade.

Por iso determínase un Valor Estimado do Contrato de NOVE MILLÓNS OITOCENTOS DEZAOITO MIL TRESCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (9.818.396,14,50 €).

1.5. RESPONSABLE DO CONTRATO NA FASE DE EXECUCIÓN.

Durante a realización dos traballos que comprenden a Fase de Execución do obxecto do contrato, SPI Galicia designará un Responsable do Contrato cuxas funcións serán, entre outras, as de:

- Interpretar a documentación contractual para a correcta execución do contrato.
- Inspeccionar os traballos, establecendo e concretando os criterios e liñas xerais de actuación, e supervisar o desenvolvemento dos mesmos.
- Vixiar e controlar o cumprimento das obrigacións do concesionario, a cuxo efecto poderá inspeccionar as súas obras, instalacións e locais, así como a documentación, relacionados co obxecto da concesión.
- Esixir a existencia de persoas, medios e organización, que consta na documentación contractual para a execución do contrato.
- Validar os criterios de deseño, os criterios de prestacións e as calidades para esixir.
- Tramitar e resolver cantos incidentes xurdan na Fase de Execución.
- Fixar os prazos para a execución dos diversos traballos comprendidos no Contrato que non estean definidos neste Prego, así como as datas para a execución de traballos que deban ser realizados en días determinados e, mesmo, as horas de realización cando sexa necesario.

1.6. RESPONSABLE DO CONTRATO NA FASE DE EXPLOTACIÓN

Durante a realización dos traballos que comprenden a Fase de Explotación do obxecto do contrato, SPI Galicia designará un Responsable do Contrato cuxas funcións serán, entre outras, as de:

- Interpretar a documentación contractual para a correcta execución do contrato.
- Inspeccionar a conservación e explotación do novo local de hostalería, concretando os criterios e liñas xerais de actuación e supervisando o seu desenvolvemento en aplicación do recolleito no art. 261.f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP)
- Vixiar e controlar o cumprimento das obrigacións do concesionario, a cuxo efecto poderá inspeccionar o servizo, instalacións e locais, así como a documentación, relacionados co obxecto da concesión.
- Esixir a existencia de persoas, medios e organización, que consta na documentación contractual para a execución do contrato.
- Validar os criterios de mantemento e explotación.
- Tramitar e resolver cantos incidentes xurdan na Fase de Explotación.

Para a realización destes labores, o Responsable do Contrato poderá estar asistido polo persoal que designe a Consellería de Facenda e Administración Pública ou SPI Galicia.

1.7. DELEGADO DO CONCESIONARIO

O concesionario, con anterioridade ao comezo da execución do contrato, deberá designar a unha persoa con capacidade suficiente para:

- Ostentar a representación do adxudicatario.
- Organizar a execución do contrato e poñer en práctica as instrucións recibidas do Responsable do Contrato.
- Propoñer ou colaborar co Responsable do Contrato na resolución dos problemas que se expoñan durante a execución.

A persoa proposta como delegado do concesionario deberá ser aceptada polo Responsable do Contrato, podendo esta solicitar do concesionario a designación dun novo delegado cando así o xustifique as necesidades de execución do contrato.

2. FASE DE EXECUCIÓN.

2.1. CONDICIÓN XERAIS DE CÁLCULO E DESEÑO DO NOVO ESTABLECEMENTO HOSTALEIRO.

2.1.1. *USO DO NOVO ESTABLECEMENTO HOSTALEIRO*

Preténdese deseñar un espazo que poida ser utilizado durante todo o ano polos usuarios deste espazo con vistas privilexiadas á Enseada de Teis . Para iso búscase xerar dentro dun mesmo volume, diferentes zonas que permitan ser utilizadas independentemente da época do ano, das inclemencias meteorolóxicas ou simplemente da preferencia do propio usuario.

Por tanto, o programa funcional resultante dá lugar a dúas zonas:

- Os espazos de goce interiores
- Os espazos de goce exteriores
- ESPAZOS DE DISFRUTE INTERIORES.

A superficie construída estimada, en base ao anteproxecto aprobado, é de 217,47m².

Trátase dun edificio que vai albergar unha actividade “LOCAL DESTINADO A HOSTALERÍA” por tanto ante todo ha de primar dar servizo ao uso hostaleiro e logo buscar unha compoñente estética que articule o espazo. Por tanto, búscase crear unha contorna no que prime:

A funcionalidade; un bo deseño xera uns percorridos óptimos e por tanto un bo aproveitamento do espazo.

Organización flexible e xeración de espazos dinámicos que ofrezan posibilidades tanto ao usuario como ao xestor da actividade de acoller distintos ambientes o que dá opción a implantar usos en franxas de horario diversas e en épocas do ano diferentes.

As distintas zonas que se prevén, consonte o Anteproxecto aprobado, son:

- ✖ Zona de barra. Espazo privado directamente comunicado coa cociña onde se aloxan os aveños, maquinarias e mercadorías necesarias para o desenvolvemento da actividade. Ocupa o espazo central do espazo coa intención de ter un control visual de todo o espazo.
 - ✖ Zona de barra terraza. Espazo privado de uso por parte dos camareiros que permite un vínculo directo co exterior de modo que a atención en terraza realizárase desde este punto minorando percorridos e tempos. Por outra banda xérase punto de venda directa ao exterior sen ter que pasar por dentro do establecemento pensado para bebida para levar, snacks, xeados .. etc.
 - ✖ Zona de Vestiarios traballadores. Estancia que ten comunicación directa co espazo exterior traseiro do que dispón o edificio e que permite o acceso directo dos traballadores ao establecemento de modo que poidan cambiarse e deixar as súas pertenzas antes de acceder á cociña.
 - ✖ Zona de Cociña. Espazo privado que ten comunicación directa coa fachada traseira do establecemento o que facilita o trato directo cos provedores, así como punto de saída de lixos de xeito que o percorrido non se mesture co resto dos usuarios. Trátase dun espazo alongado que permita xerar zonas de lavado, preparación de alimentos, almacenaxe e demais áreas necesarias para o seu correcto funcionamento.
 - ✖ Zona de Almacén. Vinculado directamente coa cociña atópase o almacén da mercadoría. Este espazo atópase contiguo ao segundo acceso do que dispón desde o exterior a cociña, de xeito que os provedores poidan acceder de maneira rápida e á vez que se xere un percorrido directo coa zona de contedores traseiros.
 - ✖ Zona de Almacén frío. A continuación da zona de almacenaxe dispónse a zona de frío, onde se atoparán as distintas cámaras necesarias para a conservación dos alimentos.
 - ✖ Núcleo aseos. Trátase dun espazo conformado por tres estancias diferenciadas ás que se accede a través dun pequeno vestíbulo que protexe de vistas cara ao resto do establecemento. A través deste pequeno vestíbulo accedemos a un aseo adaptado, aseo masculino e aseo feminino.
 - ✖ Zona de mesas altas. Vinculadas o acceso principal e aproveitando a luminosidade que achegan os ocos da fachada principal dispóñense un conxunto de mesas altas con taburetes. Esta zona vinculada á barra pretende ser unha zona dinámica dentro do espazo interior no que os usuarios non pasen demasiado tempo.
 - ✖ Zona de comedor. Asíciase a un dos testeros que conforman o volume, concretamente ao testero que carece de ocos, créase a zona destinada a comedor que debido á súa configuración permite a compartimentación en dúas estancias.
- ESPAZOS DE DISFRUTE EXTERIORES.

A superficie construída estimada, en base ao anteproxecto aprobado, é de 92,50m².

Xéranse tres zonas exteriores que acollerán usos diferentes; zona destinada a barra alta, zona de terraza descuberta e zona de terraza cuberta que permitirá un uso diferente e continuado do espazo independentemente do tipo de usuario/franxa horaria e época de ano.

As distintas zonas que se prevén, consonte o Anteproxecto aprobado, son:

- ✖ Barra exterior. Aproveitando a altura da que dispoñen e a localización de dúas xanelas situadas na fachada principal e situadas sobre o muro que se adianta nun dos seus extremos poderase situar unha zona de barra exterior.
- ✖ Terraza exterior descuberta. Vincúlase á fachada principal coincidente coas portas de acceso que organizan os percorridos de entrada e saída ao local hostaleiro. Trátase dun espazo que se atopa delimitado por uns xardíns con céspede e flores que non alcancen moita altura pero que á vez separan aos viandantes da zona destinada a estancia.
- ✖ Terraza exterior cuberta. Proxéctase unha estrutura que pretende ter o menor impacto visual posible sobre a construción actual, sitúase para iso en relación cun dos testeiros, de maneira oposta ao comedor. Sitúase nesta zona para estar vinculado o acceso lateral existente que permitirá realizar percorridos curtos cara ao núcleo de aseos ou a zona de barra sen interromper outras áreas.

2.1.2. ALCANCE DAS OBRAS DO NOVO ESTABLECEMENTO HOSTALEIRO

As obras para realizar que deberán ser contempladas no Proxecto Básico e de Execución e acordes ao Anteproxecto, serán as seguintes:

- Traballos previos para a limpeza e demolicións dos elementos obxectos de rehabilitación.
- Sustentación do edificio actuando sobre a estrutura portante vertical e horizontal do inmovible
- Construción da nova envolvente do edificio e dotación das súas carpinterías exteriores.
- Construción dos novos tabiques de compartimentación
- Execución das instalacións completas para o correcto funcionamento do novo establecemento hostaleiro consonte o anteproxecto achegado.
- Execución de todos os acabados do novo local.
- Obras de urbanización, da contorna afectada.
- Desvío e reposición de todos os servizos afectados.

2.1.3. CAPACIDADE

A capacidade mínima do novo establecemento hostaleiro, será a definida no anteproxecto aprobado.

O Licitador poderá presentar variacións en canto á distribución da planta do local, tendo como límites as superficies reflectidas no Anteproxecto.

2.1.4. DIMENSIÓNS MÍNIMAS

As dimensións mínimas serán as fixadas polas diferentes normativas aplicables ao local obxecto deste prego.

2.1.4.1. CONDICIÓN DE CÁLCULO E DESEÑO DO NOVO LOCAL DE HOSTALERÍA

O deseño e os cálculos xustificativos do novo establecemento hostaleiro cumprirán en todos os seus aspectos o Código Técnico da Edificación (RD 314/2006).

As características construtivas indicadas a continuación deberán entenderse como xenerais, podendo os ofertantes xustificadamente modificalas con base na mellor concordancia coa solución construtiva proposta.

2.1.4.2. XEOTECNIA

Consonte as obras que se contemplan neste prego e tendo en conta que se trata da rehabilitación dun edificio existente, non se consideran inicialmente a necesidade de deseñar ou calcular elementos da cimentación que precisen de estudos xeotécnicos.

2.1.4.3. ESTRUCTURA

Consideraranse as accións gravitatorias previstas R.D. 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación. Respecto de as accións sísmicas, será de aplicación a Norma NCSR-02.

A estrutura portante será a existente baseada en muros de carga de cachotería de pedra de granito. A estrutura da cuberta será a que se defina no proxecto básico e de execución que se achegue e consonte o definido no Anteproxecto.

2.1.4.4. SANEAMENTO E DRENAXE

As redes de saneamento e drenaxe, conectaranse ás redes municipais existentes, sendo deseñadas e executadas consonte o previsto R.D. 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.

2.1.4.5. IMPERMEABILIZACIÓNS

O novo establecemento hostaleiro, deberá estar impermeabilizado de forma que se eviten as filtracións a través de muros e cuberta, sendo deseñado e executado consonte o previsto R.D. 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.

2.1.4.6. DETALLES E ACABADOS

En xeral, cuantos detalles e acabados deban ser definidos (albanelaría, cubertas, solados, revestimentos, carpinterías, sanitarios, etc.) será en concordancia co deseño do Anteproxecto, segundo normativa vixente e segundo indicacións do Responsable do Contrato.

2.1.5. INSTALACIÓNS

O local do novo establecemento hostaleiro, estará dotado das instalacións que son propias para atender as necesidades do seu uso específico, e as que segundo as súas normativas específicas sonlle de aplicación.

2.1.5.1. INSTALACIÓN ELÉCTRICA

O Proxecto da instalación de electricidade deberá adaptarse ás indicacións do Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión e Instrucións Técnica Complementarias.

O deseño e a distribución de luminarias realizarase de xeito que se consigan os niveis medios de iluminación, con todas as luminarias acesas, no plano do solo consonte os límites establecidos na normativa que sexa de aplicación ao local obxecto deste prego.

Ademais, dispoñerase da iluminación de emerxencia recollido no R.E.B.T.

2.1.5.2. INSTALACIÓN DE FONTANERÍA

Deseñárase e executará consonte o previsto R.D. 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, correspondéndose neste caso, coa instalación de abastecemento dunha rede con contador único.

2.1.5.3. INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS

Para estes efectos, deberase dar cumprimento ao especificado no Documento Básico SE Seguridade en caso de incendio, do Código Técnico da Edificación (R.D. 314/2006).

Deberán terse presentes as esixencias do Concello de Vigo recollidas nas Normas Urbanísticas do PGOU así como na Ordenanza Municipal na materia.

2.1.5.4. INSTALACIÓN DE VENTILACIÓN, DETECCIÓN DE CO E CONTROL DE FUME

Deseñárase e executará consonte o previsto R.D. 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.

2.1.5.5. INSTALACIÓN DE VIXILANCIA E SEGURIDADE

A instalación anti-intrusión que se proxecta, constará dunha central de alarma de roubos localizada na zona da barra equipada con sensores de detección de movemento nos accesos ao edificio con aviso automático á policía en caso de intrusión no edificio.

2.1.5.6. INSTALACIÓN DE TELECOMUNICACIÓN

Estarán constituídas polas infraestruturas básicas que permitan o acceso dos servizos de telefonía básica e por cable ao establecemento, e estarán centralizados no posto de control posibilitando o seu acceso telemático e control remoto en caso necesario.

2.1.1. TRATAMENTO DE SUPERFICIE

A pavimentación, deseño e mobiliario estará de acordo ao proposto polo Anteproxecto aprobado e ás indicacións do Responsable do Contrato.

2.1.2. SERVIZOS AFECTADOS

O licitador deberá contactar coas Empresas Subministradoras ao obxecto de prever no seu proxecto os servizos afectados de auga e saneamento, electricidade, teléfono, gas, cable, etc., estudando, deseñando e executando, todos os desvíos que sexa preciso realizar, así como facer a previsión do posible paso, no seu caso, das infraestruturas futuras, sendo todo iso a cargo do adxudicatario deste contrato.

2.2. PROXECTO BÁSICO, DE ACTIVIDADE E DE EXECUCIÓN.

2.2.1. PROXECTO BÁSICO

Os licitadores deberán incluír nas súas ofertas técnicas unha proposta de Proxecto Básico das actuacións subscrito por técnico titulado competente.

O contido mínimo da proposta de proxecto básico será o indicado no Anexo 1 da Parte I do Código Técnico da Edificación.

Segundo o indicado no art. 353 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a proposta de proxecto básico incluírá unha memoria

urbanística como documento independente. Xustificarase o cumprimento das condicións urbanísticas aplicables, así como das condicións previstas na normativa sectorial, no seu caso, e a súa adaptación ao medio ambiente e protección da paisaxe.

Para a presentación de propostas nas ofertas técnicas dos concursantes, e consonte o disposto no Código Técnico da Edificación, a proposta de Proxecto Básico definirá as características xerais da obra e as súas prestacións mediante a adopción e xustificación de solucións concretas.

Unha vez seleccionado o adxudicatario, este recibirá un informe de supervisión da proposta de Proxecto Básico tras o cal dispoñerá dun (1) mes desde a data de formalización do contrato para a adaptación, corrección da proposta e entrega do Proxecto Básico, que será aprobado pola Consellería de Facenda e Administración Pública.

2.2.2. PROXECTO DE ACTIVIDADE.

Dentro do prazo dun (1) mes desde a data aprobación do Proxecto Básico, o adxudicatario presentará o Proxecto de Actividade das actuacións, subscrito por técnico titulado competente, co contido suficiente para solicitar a licenza municipal de apertura.

O Proxecto de Actividade desenvolverá o proxecto básico, definirá a maquinaria e o equipamento e xustificará o cumprimento da normativa obrigatoria en relación coa seguridade (Seguridade en caso de incendio, Regulamento Electrotécnico para baixa tensión, ventilación e detección de CO), en relación coa accesibilidade (Lei 8/1997, do 20 de agosto, e o Decreto 35/2000 que a desenvolve, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia) e en relación coa protección ambiental (coas medidas propostas como mínimo en relación con: eliminación de terras, entullos e verteduras líquidos durante a construción; ruídos e vibracións no funcionamento normal da actividade).

2.2.3. PROXECTO DE EXECUCIÓN.

Dentro do prazo dun (1) mes desde a data aprobación do Proxecto Básico, o Adxudicatario presentará o Proxecto de Execución das actuacións, subscrito por técnico titulado competente, para a súa aprobación.

O proxecto de execución realizarase consonte as disposicións da Parte I do Código Técnico da Edificación (CTE) e o seu Anexo I, "Contido do proxecto", que vén explicar a xeneralidade da documentación necesaria en todos os proxectos, e que debe completarse coas especificacións contempladas na LCSP e, subsidiariamente, no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCSP), á hora de confeccionar o orzamento.

A redacción de documentos que se indica ten un carácter non exhaustivo, e poderá ser esixible calquera outro que sexa necesario para a completa definición da obra ou para a obtención das correspondentes licenzas e autorizacións.

Calquera modificación que sexa necesario realizar no proxecto como consecuencia das actuacións públicas previas ao comezo das obras (trámites de información pública, licenzas, permisos oficiais, consultas administrativas, medioambientais, sectoriais, urbanísticas e calquera outra) e que resulte necesaria para a aprobación do proxecto nas condicións adecuadas e asegurando a súa viabilidade tanto técnica como administrativa e construtiva, considerase incluída no prezo do contrato.

O Proxecto de Execución desenvolverá o Proxecto Básico e ao de Actividade e definirá a obra na súa totalidade sen que nel poidan rebaixarse as prestacións declaradas no Básico e no de Actividade, nin alterarllas condicións baixo as condicións outorgáronse a licenza municipal ou outras autorizacións, salvo en aspectos legalizables. O Proxecto de Execución incluírá os proxectos parciais de instalacións baixo a coordinación do proxectista.

No que respecta ao orzamento, incluíranse os capítulos correspondentes aos Servizos Afectados, orzamento de Control de Calidade, seguimento ambiental e orzamento de control e seguimento arqueolóxico se fose preciso.

Nas partidas nas que se indique unha marca ou produto en concreto, tanto nas memorias como nos planos e orzamento debe engadirse a expresión “ou equivalente” para dar cumprimento ao establecido no art. 126 da LCSP (non é válida a expresión “ou similar” nin “ou similar equivalente”).

Os prezos básicos deberán vir convenientemente codificados.

Preferentemente non se incluírán partidas alzadas.

O resumo xeral do orzamento presentarase segundo o seguinte modelo:

(Título do proxecto) (Clave)

Resumo por capítulos/capítulos e subcapítulos:	Importe:	
Capítulo 1	c1	%
Capítulo 2	c2	%
.....	...	%
Xestión de residuos	...	%
Seguridade e Saúde	cn	%
Orzamento de Execución Material (PEM)	c1 + c2 +...+ cn	
13% Gastos Xerais	0,13 PEM	
6% Beneficio industrial	0,06 PEM	
Orzamento basee de licitación estimado sen IVE (PBL sen IVE)	1,19 PEM	
% IVE	% de IVE x 1,21 PEM	
Orzamento basee de licitación estimado con IVE engadido (PBL con IVE)	(% de IVE x 1,21 PEM) + 1,21PEM	
Lugar, data		
(firma)		
Autor/a		

O orzamento do plan de control de calidade figurará no anexo correspondente, pero non se incluírá no orzamento xeral da obra.

2.3. SUPERVISIÓN E APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN.

2.3.1. SUPERVISIÓN E CORRECCIÓN DE ERROS

SPI Galicia, examinará a viabilidade e axuste do contido do proxecto de execución achegado, con respecto ao contido do proxecto básico presentado, podendo, para iso, solicitar aqueles documentos que considere necesario.

Se se observasen defectos, insuficiencias técnicas, erros materiais, omisións, infraccións de preceptos legais ou regulamentarios ou desvíos con respecto ás condicións incluídas na oferta, requirirase a súa corrección outorgando para iso ao concesionario un prazo de 15 días naturais.

Con independencia do anterior, o concesionario responderá dos danos e perdas que, durante o estudo, a execución das obras ou a explotación da infraestrutura, cáusense tanto á Administración como a terceiros, por causa de defectos ou insuficiencia técnicas do proxecto ou por erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios que no mesmo incorrese.

2.3.2. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

A documentación que se presente en formato dixital remitirase por medios telemáticos.

As memorias presentaranse en formato .PDF/PDF e formato compatible .odt ou .docx, as medicións e orzamentos en formatos .pdf e .bc3, e os planos en formatos .pdf e CAD .dwg/.dxf.

Poderase entregar un só arquivo para planos e outro para textos, sempre e cando o tamaño dos arquivos sexa inferior a 500 MB. Neste caso, deberán ir debidamente indexados e ter marcadores de tipo índice para facilitar a súa consulta.

En todo caso, o proxecto irá provisto das separatas necesarias para solicitar as autorizacións sectoriais pertinentes, co seu orzamento correspondente, e como proxectos independentes: Industrial (climatización, REBT), voz e datos, Amtega, etc.

No caso de que a entrega se realice en arquivos independentes:

- O índice de planos integrárase no índice xeral, ou será o primeiro arquivo do cartafol.
- O nome dos arquivos, tanto dos .pdf como dos .doc, .odt e .dwg, debe ser descritivo do seu contido, e deben ordenarse seguindo un índice, cunha numeración correlativa que se corresponderá coa documentación en papel.
- Os pdf deben abrirse no sentido correcto para a súa adecuada lectura.
- Os pdf enviaranse sen protección.
- Cada plano en papel terá un arquivo .dwg exclusivo, e a partir del poderá reproducirse exactamente o plano sen ningún tratamento adicional (modificación da visualización das capas, tipos de liña, etc.). No caso de empregar referencias externas, incluíranse co plano correspondente, no mesmo directorio ou cartafol que o arquivo dwg.
- Os arquivos pdf estarán debidamente indexados con marcadores para facilitar a súa consulta.

Todos os documentos do proxecto en .pdf deben ir asinados polo técnico redactor, mediante firma orixinal manuscrita ou firma dixital (non admítense firmas fotocopiadas nin escaneadas).

En caso de ser solicitado, entregaranse infografías e renders do proxecto, presentacións en vídeo, ademais de ata dous (2) paneis de presentación do proxecto con imaxes e planos en formato ríxido tipo cartón-pluma tamaño DIN-A1.

2.3.3. APROBACIÓN DO PROXECTO

Unha vez obtido o informe favorable de supervisión, a Consellería de Facenda e Administración Pública aprobará o proxecto de execución presentado.

Tras a aprobación, poderá tramitarse a correspondente Acta de Comprobación de Trazado de planta para poder iniciar a execución das obras.

2.4. EXECUCIÓN DAS OBRAS

2.4.1. O CONSTRUTOR

O construtor nesta obra é o concesionario, sen prexuízo da posibilidade de execución das obras por terceiros. Son obrigacións do construtor:

- Ter a capacitación profesional que habilita para o cumprimento das condicións esixibles para actuar como construtor.
- Executar a obra con suxeición ao proxecto, á lexislación aplicable e ás instrucións da Dirección Facultativa, a fin de alcanzar a calidade esixida no proxecto.
- Designar ao Xefe de Obra, que asumirá a representación técnica do construtor na obra e que pola súa titulación ou experiencia deberá ter a capacitación adecuada consonte as características e a complexidade da obra.
- Asignar á obra os medios humanos e materiais que a súa importancia requira.
- Formalizar as subcontratacións de determinadas partes ou instalacións da obra dentro dos límites establecidos no contrato.
- Asinar a acta de Comprobación do Trazado de planta, a acta de Comprobación da Obra e a acta de Recepción da Obra. Facilitar á Dirección Facultativa os datos necesarios para a elaboración da documentación da obra executada.
- O construtor gardará e fará gardar as consideracións debidas ao persoal da Dirección Facultativa e, no seu caso, ao Responsable do Contrato, que terán libre acceso a todos os puntos de traballo e almacéns de materiais destinados ás obras para o seu previo recoñecemento.

2.4.2. RESPONSABILIDADES DO CONCESIONARIO DURANTE A EXECUCIÓN DA OBRA

O concesionario asumirá a plena responsabilidade do bo fin da obra, sendo o único responsable, tanto fronte á Administración como fronte a terceiros, dos danos causados durante a execución da mesma e responsabilidades posteriores que poidan derivarse desta durante o período de concesión. O concesionario está obrigado a manter en todo momento os servizos públicos existentes.

2.4.3. DIRECCIÓN FACULTATIVA

O Adxudicatario nomeará á Dirección Facultativa, entendida como o equipo técnico que, coa titulación adecuada e suficiente así como con experiencia e coñecementos adecuados coas características e complexidade da obra, sexa directamente responsable da comprobación e vixilancia da correcta realización das obras ás ordes do Director de Obra e que desenvolverán o seu labor en función das atribucións derivadas dos seus títulos profesionais ou dos seus coñecementos específicos.

Dentro do equipo da Dirección Facultativa, ademais do Director de Obra, integrárase o Director de Execución e o Coordinador de Seguridade e Saúde, que se encargará da Coordinación de Seguridade e Saúde das obras conforme ao disposto no Real Decreto 1.627/1997. Así mesmo, poderanse integrar na Dirección Facultativa

todos aqueles apoios e asesorías técnicas que, coa correspondente titulación habilitante, sexan necesarias para a correcta execución de distintas partes da obra en función da natureza técnica da mesma (estruturas, instalacións, etc.).

A Dirección Facultativa actuará en todo momento en coordinación e baixo a supervisión do Responsable do Contrato.

2.4.3.1. DIRECTOR DE OBRA

O Director de Obra é o axente que, formando parte da dirección facultativa, dirixe o desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e medioambientais, de conformidade co proxecto que a define, a licenza de edificación e demais autorizacións preceptivas e as condicións do contrato, co obxecto de asegurar a súa adecuación ao fin proposto.

Son obrigacións do Director de Obra :

- Estar en posesión da titulación académica e profesional habilitante para esta obra. En caso de persoas xurídicas, designar ao técnico director de obra que teña a titulación profesional habilitante.
- Verificar o trazado de planta e a adecuación da cimentación e da estrutura proxectada ás características xeotécnicas do terreo.
- Resolver as continxencias que se produzan na obra e consignar no Libro de Ordes e Asistencias as instrucións precisas para a correcta interpretación do proxecto.
- Elaborar eventuais modificacións do proxecto, que veñan esixidas pola marcha da obra sempre que as mesmas se adapten ás disposicións normativas contempladas e observadas na redacción do proxecto.
- Subscribir a acta de trazado de planta ou de comezo de obra e o certificado final de obra, así como conformar as certificacións parciais e a liquidación final das unidades de obra executadas, cos visados que no seu caso fosen preceptivos.
- Elaborar e subscribir a documentación da obra executada para entregala ao promotor, cos visados que no seu caso fosen preceptivos.

2.4.3.2. DIRECTOR DE EXECUCIÓN

O Director de Execución é o axente que, formando parte da dirección facultativa, asume a función técnica de dirixir a execución material da obra e de controlar cualitativa e cuantitativamente a construción e a calidade do executado.

Son obrigacións do Director de Execución:

- Estar en posesión da titulación académica e profesional habilitante e cumprir as condicións esixibles para o exercicio da profesión.
- Verificar a recepción en obra dos produtos de construción, ordenando a realización de ensaios e probas precisas.
- Dirixir a execución material da obra comprobando os trazados de planta, os materiais, a correcta execución e disposición dos elementos construtivos e das instalacións, consonte o proxecto e coas instrucións do Director de Obra .
- Consignar no Libro de Ordes as instrucións precisas.
- Subscribir a acta de trazado de planta ou de comezo de obra e o certificado final de obra, así como elaborar e subscribir as certificacións parciais e a liquidación final das unidades de obra executadas.

- Colaborar cos restantes axentes na elaboración da documentación da obra executada, achegando os resultados do control realizado

2.4.3.3. COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE

A titulación Académica requirida para a realización dos traballos de coordinación de seguridade e saúde durante as obras é a prevista na Lei 38/1999, de Ordenación da Edificación (Arquitecto, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro ou Enxeñeiro técnico) e ademais a de Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais.

O coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra deberá desenvolver as seguintes funcións:

- Informar e aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras
- Control da existencia en todo momento dunha copia actualizada dos Plans de Seguridade e Saúde na obra ao dispor da Dirección Facultativa e das persoas ou órganos con responsabilidade en materia de prevención nas empresas intervenientes na mesma, e os representantes dos traballadores.
- Verificar que todas as contratas e subcontratas que concorran na obra realízen as comunicacións de apertura de centro de traballo á autoridade laboral e estean en posesión de toda a documentación administrativa esixible en referencia aos pagos á Seguridade Social e á Axencia Tributaria, así como da inscrición no REA, e o correcto enchemento do preceptivo Libro de Subcontratación.
- Mantemento, conforme a normativa vixente, do Libro de Incidencias, realizando as notificacións que se deriven das anotacións no mesmo.
- Realizar cantas visitas a obra fosen necesarias, para acometer de forma adecuada as tarefas e obrigacións asumidas, axustándose en calquera caso á marcha, horarios e xornadas de traballo previstas en obra, levantando a oportuna acta de cada reunión, que puidese manter cos responsables de prevención das empresas concorrentes.
- Establecer os principios xerais de prevención e seguridade na obra, esixindo ao contratista e aos subcontratistas, as medidas para tomar en cada obra.
- Control de accesos a persoas non autorizadas e do uso dos equipos de seguridade preceptivos e dos eventuais sistemas de identificación por parte das persoas autorizadas.
- Vixilancia e control do estado de limpeza e orde das obras.
- Tomar de forma inmediata todas as medidas oportunas para remediar calquera vulneración ou incumprimento dos Plans de Seguridade e Saúde, seus anexos, ou calquera disposición da lexislación aplicable, por parte de calquera dos participantes. Inclusive a paralización daqueles tallos en que se detecten vulneracións en materia de Seguridade e Saúde e expulsión das obras e/ou prohibición do acceso ás mesmas daquelas persoas cuxa conduta supoña un risco ou ameaza para outras ou para elas mesmas.
- Control de elementos de sinalización e de cerramento ou valado, así como de estadas ou elementos que poidan causar algún perigo nos espazos lindeiros, comprobando a súa seguridade, controlando e vixiando o desenvolvemento das obras de edificación nos sectores e a realización de accesos ás obras e as ocupacións temporais por provisións e instalacións das mesmas, materializándoo mediante a emisión dos correspondentes informes.
- Vixilancia de verteduras e provisións e control e sinalización de accesos, novo local de hostalerías e zonas de carga e descarga, a fin de evitar situacións de risco, ou calquera outro prexuízo á obra executada ou á súa contorna e aos traballadores e demais usuarios da contorna.

- Control das acometidas de abastecemento, saneamento, electricidade e servizos, para que sexan executadas en adecuadas condicións de seguridade e saúde.
- Control da maquinaria empregada, tanto de gran tamaño como de máquina ferramenta de uso persoal polos traballadores, controlando a súa conformidade en materia de seguridade, elementos de protección, e cumprimento das lexislacións e normativas aplicables.
- Celebrar reunións periódicas coa Dirección Xeral e a Dirección Facultativa das obras, redacción de informes mensuais de seguimento, con indicación das incidencias máis significativas e das tarefas desenvolvidas, elaboración de comunicados e instrucións aos contratistas das obras; redacción de partes de incidencias, valoración de danos causados na urbanización, indicando a metodoloxía máis adecuada para a súa reparación

2.4.4. SINALIZACIÓN E SEGURIDADE DURANTE AS OBRAS

O Adxudicatario está obrigado a instalar en lugar indicado, antes de comezo das obras, e a conservar durante a súa execución, á súa costa, un cartel anunciador da mesma, con arranxo ao modelo que se facilite.

Co fin de manter tanto a seguridade do tráfico dos vehículos como dos peóns durante a execución das obras, así como de sinalizar adecuadamente os desvíos existentes, será necesario prever a instalación de elementos de seguridade, sinalización e balizamento. A sinalización prevista en cada unha das fases describirase e valorará no Plan de Seguridade da Obra.

2.4.5. DIMINUCIÓN DE MOLESTIAS

O Adxudicatario deberá aterse ás instrucións que reciba no referente ao emprego de maquinaria e á organización dos traballos, en orde á diminución de molestias aos usuarios da zona, sen que teña dereito a reclamar cantidade algunha por iso.

As provisións e entullos almacenaranse de forma que non obstaculicen o tráfico peonil nin de vehículos, debidamente sinalizados e acoutados, e en lugares adecuados, de que non afecten a drenaxe nin danar zonas lindeiras.

2.4.6. PERMISOS, LICENZAS E AUTORIZACIÓNS

O Adxudicatario deberá obter todos os permisos e licenzas necesarias para a execución e posta en servizo das obras e deberá abonar os cargos, taxas e impostos derivados da obtención daqueles, sen que teña dereito a reclamar cantidade algunha por tal concepto.

Para aquelas instalacións que pola súa natureza precisen de autorización doutras administracións, deberá redactarse a oportuna separata para a solicitude de aprobación previa, así como posteriormente a súa autorización de posta en marcha.

2.4.7. CONTROL DE CALIDADE

